REACH

REACH (**R**egistration, **E**valuation, **A**uthorisation and **R**estriction of **Ch**emicals) é o Regulamento (CE) nº 1907/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao rexistro, a avaliación, a autorización e a restrición das sustancias e mesturas químicas . Foi aprobado o 18 de decembro de 2006 e entrou en vigor o 1 de xuño de 2007.

O seu principal obxectivo é garantir un alto nivel de protección da saúde humana e o medio ambiente contra os riscos que poden presentar os produtos químicos, á vez que se potencia a competitividade da industria química da UE. O Regulamento fomenta igualmente métodos alternativos para a valoración do perigo das sustancias co fin de reducir o número de ensaios realizados con animais.

Para iso, introduce a obrigación de efectuar un rexistro de todas as sustancias químicas que se comercializan dentro do territorio da Unión Europea. A partir da súa entrada en vigor, non se pode comercializar ningunha sustancia que non se atope rexistrada.

Para cumprir coa normativa, as empresas deben identificar e xestionar os riscos vinculados ás sustancias que se fabrican e comercialízanse na UE. Baséase no principio de que corresponde aos fabricantes, importadores e usuarios intermedios garantir que só fabrican, comercializan ou usan sustancias que non afectan negativamente á saúde humana ou o medio ambiente.

Se non é posible xestionar o risco, as autoridades poden restrinxir o uso de sustancias de diferente forma. A longo prazo, as sustancias máis perigosas deberán substituírse por outras que entrañen menor perigo.

A nova lexislación da Unión Europea sobre produtos quimicos para elevar a protección da saúde